

DEEXCURSION

POR FERROL, EUME E ORTEGAL

Curso
2023/2024



Aprender experimentando

Un curso máis atopámonos con vós para ir de excursión. Tedes nas mans unha nova edición desta publicación que se marca como obxectivo difundir entre os escolares e os nenos e nenas en xeral o importante patrimonio natural e cultural das nosas comarcas.

Vós, os profesores e profesoras, tedes a enorme responsabilidade de inculcar no alumnado o amor e respecto polo que nos é propio -empezando pola nosa paisaxe- pero tamén de facer que ese momento de lecer que son as excursións escolares sexa aproveitado para aprender e para fomentar o compañeirismo entre a rapazada.

Viaxar sempre despexa a mente, tanto se o destino está lonxe como se o temos cerca. Aínda máis, coñecer o máis próximo axúdanos, moitas veces, a entendernos mellor a nós mesmos como integrantes dunha cultura e herdeiros dunha tradición.



Edita: Pingota Comunicación S. Coop. Galega
www.pingota.com | pingota@pingota.com

Maquetación: Korchopan Produktions

Sétima edición: 2023

Depósito Legal: C 1404-2016

Imprime: Aldine

Desde Pingota Comunicación temos o obxectivo de axudarvos a elixir novas experiencias didácticas fora da aula, de poñer á vosa disposición os moitos recursos que fan de Ferrol, Eume e Ortegá unha zona na que aprender sobre todas as materias escolares.

Este ano presentámosvos novas propostas, como o Centro de Interpretación da Minería de As Pontes, o proxecto Terra de Vida de San Sadurniño ou a escavación arqueolóxica do castro de Esmelle; e outras que son moi recomendables pero que non tiñamos recollido ata agora, como a Ruta da Construción Naval de Ferrol.

Agardamos que a revista sexa de utilidade e que vos anime moito máis a que

saíamos DeExcursión!

pingota
COMUNICACIÓN



Camiño Inglés

Ferrol	6
Narón	7
Neda	8
Fene	9

Ferrol

Ruta da Construción Naval	10
As Meninas	12
Parque Raíña Sofía e Museo da Sociedade Galega de Historia Natural	13
Museo Naval	14
Museo da Construción Naval - Exponav	16
Castelo de San Felipe.....	17
Baterías da Costa	18

Autoridade Portuaria

Faros e sendeiros.....	20
Os peiraos	21

Esmelle

Proxecto Esmelle e Museo Pérez Porto	22
--	----

Neda

Lendas e natureza	24
A importancia da auga.....	25

Fene

Praias e ocio activo	26
Museo do Humor Xaquín Marín	27



As Pontes

- As Pontes en pezas, rutas sendeiristas, a ruta industrial e o lago.....28 e 29
- Centro de Interpretación da Minería..... 30
- Casa do Mel e Museo Etnográfico 31

Xeoparque do Cabo Ortegal

- Xeoparque do Cabo Ortegal.....32 e 33

Fragas do Eume

- Mosteiro de Caaveiro e Fragas do Eume.....34 e 35

San Sadurniño

- Espazos verdes36 e 37
- Ocio activo e lecer..... 38

Moeche

- O castelo 40
- Ocio e actividades lúdicas..... 41

Cedeira

- A vila..... 42
- O mar..... 43
- Serra da Capelada e Santo André de Teixido..... 44
- Un paseo pola historia..... 45

Cariño

- Vila e natureza..... 46

Información de utilidade

- Teléfonos de interese e colaboracións..... 47
- 
- 
- 

camiño inglés

ferrol



Idades: Primaria, ESO e Bacharelato

Materias: Xeografía e Historia, Ciencias Sociais, Educación Física

Máis información: Para visitar o teatro Jofre, contactar previamente coa concellería de Cultura no 981 944 180.

Para visitar o Pazo de Capitanía (primeiro sábado de cada mes) contactar coa empresa Ferrol Guías con antelación no 696 531 070 ou no correo info@ferrolguias.com

Para as visitas ao Museo da Construción Naval e o Museo Naval ver as páxinas correspondentes.



Aruta do Camiño Inglés ten a súa milla de inicio na cidade de Ferrol. O nome desta ruta de peregrinación vén dos camiñantes británicos que desde o século XII chegaban por mar para iniciar a súa andaina ata Santiago de Compostela. Esta primeira etapa da ruta é sinxela, pois atravesa zona urbana, e nela poden coñecerse moitos elementos emblemáticos da cidade. Pódense solicitar rutas guiados polo tramo do casco histórico á empresa Ferrol Guías, unha opción estupenda para facer co alumnado.

En Ferrol vén de se inaugurar un albergue público de peregrinos situado na antiga Casa do Mar. Conta con 60 prazas e é o de maior capacidade de todo o Camiño Inglés, onde existen outros seis. Permítese o aloxamento só por unha noite e é

requisito imprescindible contar coa credencial de peregrino.

O peirao de Curuxeiras é o punto cero do camiño. Aquí se atopa a Oficina de Atención ao Peregrino e varias construcións defensivas da ría que datan da etapa de Ilustración, así como os restos da antiga muralla que rodeaba Ferrol. A ruta adéntrase no barrio medieval de Ferrol Vello, subindo pola rúa San Francisco ata os xardíns de Herrera, onde é interesante facer unha parada para observar as espectaculares vistas do Arsenal. A carón deste espazo natural atópase o Pazo de Capitanía, que adoita ofrecer visitas guiadas que se poden solicitar tamén en Ferrol Guías.

A andaina continúa xa no barrio da Madalena, levantado durante a

etapa da Ilustración, e que presenta unha urbanización que semella unha pastilla de chocolate. Nas súas rúas hai numerosos edificios modernistas, xoias do arquitecto Rodolfo Ucha, como a Casa Romero ou o Teatro Jofre, entre moitas outras.

Seguindo polo Camiño Inglés, a seguinte parada é a alameda do Cantón de Molíns, que foi a primeira gran alameda urbana de Galicia. Aquí se atopan dous museos moi interesantes para visitar cos escolares: o Museo Naval e Exponav (páxinas respectivas). O itinerario continúa ata chegar ao barrio de Caranza, onde se atopa a ermida de Santa María e, se vai bo tempo, se pode facer unha parada na praia urbana, que este ano recibiu por primeira vez a Bandeira Azul.



Ferrol 0 Km
A Coruña 56 Km
Viveiro 91 Km
Santiago 99 Km



Oficina de turismo Vía Compostellam
Ferrol - Tel. 981 944 252
visitferrol.com/ruta-de-camino-ingles



Idades: primaria, ESO e bacharelato

Materias: Xeografía, Historia, Historia da Arte, Ciencias Naturais, Ciencias Sociais, Educación Física

Máis información: para visitar o mosteiro de San Martiño de Xuvia é preciso falar previamente co párroco chamando ao 659 920 253

A ruta xacobeá continúa por Narón, nun camiño sinxelo de aproximadamente seis quilómetros. Comeza na enseada da Gándara e remata na desembocadura do río Xuvia. Para facer aínda máis interesante o percorrido é posible solicitar o acompañamento do historiador municipal, Andrés Pena Graña.

A primeira parada é o mosteiro de San Martiño de Xuvia, un cenobio románico cuxa orixe se remonta ao século IX e que viviu o seu maior esplendor no XII, cando se adheriu á orde de Cluny. Pódese visitar o interior concertando previamente unha visita co párroco. Declarado como Ben de Interese Cultural, é tamén o inicio da ruta que vai ata Santo André de Teixido, marcado no percorrido coa icona dun peixe en cor vermella.

Continuando polo camiño do Salto e logo polo de Outeiro, chégase ata o muíño das Aceas, que foi declarado Real Fábrica de Fariñas en 1798. Empregaba enerxía combinada de auga de ríos e mares que se acumulaba na súa presa, o que lle permitía moer grandes cantidades de trigo.

Seguindo as vieiras amarelas aparece no paseo marítimo de Xuvia a pedra que marca os 100 quilómetros que faltan ata Santiago, punto de partida mínimo para quen queira obter a "compostela". Ao seu carón están instaladas unhas letras xigantes de Narón e o Camiño Inglés, que converten o espazo en parada fotográfica case obrigatoria. Neste gran parque pódese aproveitar para xantar, descansar ou seguir xogando.

Ademais, o Concello vén de instalar en colaboración coa Asociación Sociocultural ASCM catro códigos QR que conforman unha xincana enfocada ás persoas con mobilidade reducida. Ao escanearlos accédese a unha audioguía na que se explican diferentes curiosidades sobre a zona. É unha nova experiencia, pois é a primeira xincana turística dixital e inclusiva do país.

Para rematar co tramo, despois da localidade un lonxevo magnolio cun tronco de máis de seis metros de perímetro, o maior da súa especie en Galicia e un dos máis antigos do continente. E moi próximo, o muíño de Xuvia, que a comezos do século XIX foi o principal muíño do país, abastecendo de fariña a toda a comarca e exportando gran parte da produción.



Ferrol 6 Km
A Coruña 46 Km
Viveiro 80 Km
Santiago 87 Km

Saída da avenida do Mar, A Gándara
Concellería de Turismo:
Tel. 981 337 700 Ext. 1307
turismo.naron.es/es/conoce-naron





Idades: Primaria, ESO e Bacharelato

Materias: Xeografía e Historia, Ciencias Sociais, Ciencias Naturais e Educación Física

Percorrido: Cinco quilómetros

Máis info: Información sobre o albergue de peregrinos de Neda:

www.turismo.gal/recurso/-/detalle/280380558/albergue-de-peregrinos-de-neda

No portal Wikiloc podedes consultar todo o itinerario da primeira etapa do camiño inglés:

es.wikiloc.com/rutas-senderismo/ferrol-neda-primer-a-etapa-del-camino-ingles-a-santiago-12657263



O municipio de Neda constitúe a última parada da primeira etapa do Camiño Inglés. É o **lugar habitual para pasar a noite**, posto que dispón dun albergue que é público e que conta con espazo para 28 persoas. Está situado na zona do Empedrón (en pleno paseo marítimo), con vistas ao río Xuvia.

A ruta pola localidade é **sinxela e adecuada para realizar co alumnado**. Sae desde a ponte do río Xuvia e chega á primeira parada, que é a igrexa barroca de Santa María, pola avenida principal da vila. A construción actual data de 1721, pero a súa

orixe remóntase ao século IX. Este templo alberga unha das pezas máis importantes da arte relixiosa galega, a escultura do Cristo da Cadea, unha talla gótica de estilo Tudor. Segundo din as lendas, esta chegou a Neda a bordo do barco dun mariño inglés que rescatara a imaxe da Catedral de San Pablo en Londres antes de que fora destruída polos protestantes.

O itinerario segue ata cruzar a ponte do río Beelle, que dá entrada ao casco histórico. Aquí, entre pequenas rúas, se atopan varios edificios de grande interese patrimonial. Localizábase neste lugar o **antigo Hospital de**

Peregrinos do Sancti Spiritus, que vén demostrar a longa tradición xacobeá da vila e do que queda en pé a Torre do Reloxo, unha xoia do século XVIII.

Camiñando pola rúa Real cos seus soportais chégase á igrexa de San Nicolás, un templo erixido no século XIV que posúe un dos cruceiros máis antigos de Galicia. Na parte traseira hai un amplo **parque con zona de xogos infantís**, ideal para facer un descanso cos pequenos. Seguidamente, se continuamos camiñando polo Camiño do Murallón e o barrio do Puntal, a ruta enlaza co seguinte concello da ruta, o de Fene.



Ferrol 9 Km
A Coruña 49 Km
Viveiro 79 Km
Santiago 92 Km



Saída da ponte sobre o río Xuvia, no lado da rúa Aldea Empedrón
Protección Civil de Neda: 981 380 039



Idades: Primaria, ESO e Bacharelato

Materias: Xeografía e Historia, Ciencias Sociais, Ciencias Naturais, Educación Física

Percorrido: Tres quilómetros

Máis información: En fene.gal/turismo/camino-de-santiago/es podeades consultar a descrición completa da ruta e descargar un documento detallado con fotografías e ubicacións

O Camiño Inglés pasa polo municipio de Fene nun itinerario sinxelo de arredor de tres quilómetros de lonxitude. A ruta percorre tanto a zona urbana como áreas de natureza, polo que é posible gozar de paisaxes e boas vistas da ría -desde as que se divisa o emblemático guindastre de Navantia e os "jackets", que son xa outro sinal de identidade do estaleiro fenés- á vez que facer algunha parada nalgún punto de interese patrimonial.

O camiño parte do lugar de Conces e continúa ata a rúa Fonte do Campo para chegar ao lugar da Casanova. Tras cruzar a estrada N-651 atopamos a Casa do Concello. Na propia vila é interesante facer unha visita á igrexa do Divino Salvador, datada no século XVIII, ou ao Museo do Humor Xaquín Marín (ver páxina), moi atractivo para a rapazada.

No remate da avenida do Concello, débese xirar á esquerda para tomar a dereita na rotonda, cara a rúa Alcalde

Xerardo Díaz. Por aquí se vai chegar ao lugar de Mundín, no que hai un antigo lavadoiro moi fotografado. Nesta zona atópase un bosque de árbores caducifolias e eucaliptos polo que se volve á N-651.

Desde o lugar de Rego da Moa chégase ata Romariz, onde a través dunha pista de terra rodeada de hortas encaramos a zona final do itinerario do Camiño Inglés en Fene, no polígono Vilar do Colo, un centro industrial que conecta co veciño concello de Cabanas.



Ferrol 6 Km
A Coruña 46 Km
Viveiro 80 Km
Santiago 87 Km

Concellería de Turismo:

Praza do alcalde Ramón José Souto González s/n
Fene

Teléfono: 981 492 707

E-mail: turismo@fene.gal





Idades: Primaria, ESO e Bacharelato
Materias: Xeografía e Historia, Ciencias Sociais
Máis información: As visitas guiadas hai que concertalas con Ferrol Guías no 696 531 070 ou no correo info@ferrolguias.com // ferrolguias.com/#visitas-ferrol-individuales

Hai case 300 anos, ao abrigo dunha ría excepcional, tomáronse unhas decisións que cambiaron completamente o devir da nosa comarca: os monarcas españois da época da Ilustración dispuxeron que a Ría de Ferrol, un dos mellores portos naturais do mundo, albergaría o seu Estaleiro e Arsenal Real.

A Ruta da Construción Naval puxo as bases para que o froito de todo aquilo, que hoxe constitúe un auténtico museo vivo sobre a construción naval, sorprenda aos visitantes pola súa riqueza, grandiosidade, tradición e pola

infinidade de elementos de interese ou curiosidade que o conforman. Para realizar esta actividade é preciso poñerse en contacto coa empresa Ferrol Guías.

Desde a súa posta en marcha, este itinerario foi incorporando elementos ao seu catálogo de visitas guiadas. O xigantesco estaleiro Navantia, co seu millón de metros cadrados, e o grandioso Arsenal do século XVIII, o mellor conservado da Ilustración, pronto recibiron a compañía do Pazo de Capitanía, do Castelo de San Felipe e do Cuartel de Dolores.

Como complemento imprescindible para esas visitas guiadas, é recomendable coñecer o Museo Naval e o Museo da Construción Naval (páxinas respectivas), situados nuns edificios históricos que recollen o legado de tres séculos de estreita relación entre Ferrol e a navegación.

E para finalizar unha interesante xornada, é moi recomendable facer un paseo en lancha pola ría de Ferrol, para gozar dos elementos patrimoniais desta ruta desde outra perspectiva.



Ferrol 0 Km
A Coruña 50 Km
Viveiro 87 Km
Santiago 93 Km




DOMINA LA TECNOLOGÍA, CAMBIA EL MUNDO

Un espacio maker de 200 m² donde dejar volar tu imaginación. Aprende en un entorno estimulante y prepárate para un futuro apasionante.



Modelado e
Impresión 3D



Robótica e
Ingeniería



Desarrollo de
Videojuegos
y Animación



Drones y
Electrónica



Creación y
Productividad
con el PC

EXTRAESCOLARES Y CAMPAMENTOS

... también en centros educativos



Medidas de seguridad



Solo 6 Plazas por curso



Tienda LEGO, A Gándara, Narón



Clases de 1 h 45 min



www.e-maker.space



604 06 45 70



un proyecto de

espacio vivo



Idades: De Infantil a Bacharelato
Materias: Plástica, Xeografía e Historia, Ciencias Sociais, Educación Física, Historia da Arte
Teléfono: 981 944 272
Máis información: No correo ferrolturismo@ferrol.es e na web visitferrol.com/ruta-de-las-meninas

O barrio alto da cidade é desde xa hai anos, un referente do arte urbano. Os inmobles de Canido comezaron a encherse de obras de arte cunha temática común: as Meninas de Velázquez. En 2008, o veciño e artista Eduardo Hermida decidiu saír á rúa a pintar un edificio en mal estado para loitar contra a decadencia que estaba a sufrir o barrio. Aquela primeira reinterpretación das Meninas foi o xerme dun proxecto que continúa na actualidade, e que cada ano reúne a numerosos artistas de todo o mundo para seguir construíndo este museo ao aire libre.

Tras o inicio deste movemento, o número de persoas que se involucra

cada ano para saír a pintar Meninas era maior, chegando a atraer a artistas de diferentes partes do país e mesmo do estranxeiro. Os debuxos iniciais deron paso a grandes murais que adornan muros e fachadas e que cambiaron completamente o aspecto do barrio. Cada ano, na primeira fin de semana de setembro, celébrase o Festival das Meninas, un evento de gran relevancia actualmente, no que participan artistas locais e internacionais para continuar enchendo Canido de arte e vida.

No 2018 as Meninas foron recoñecidas como Itinerario Impresionista de Street Art polo Consello de Europa. Este proxecto, ademais dun importante

valor artístico, conta cun ton reivindicativo, pois en moitas das obras hai alusións a temas como o feminismo, o ecoloxismo ou a diversidade sexual. Esta iniciativa supuxo un antes e un despois nunha zona que se atopaba fortemente envellecida, onde a través da cooperación e a revalorización do espazo se conseguiu revertir o abandono do barrio.

Facer unha ruta polas Meninas de Canido constitúe unha oportunidade perfecta para realizar unha visita escolar. Para coñecer ao detalle o proxecto é posible facer percorridos guiados polo barrio acompañados polo promotor do evento, Eduardo Hermida.



Ferrol 0 Km
A Coruña 54 Km
Viveiro 89 Km
Santiago 97 Km



Barrio de Canido. Ferrol
visitferrol.com/ruta-de-las-meninas
www.facebook.com/meninasdecenido



Idades: De Infantil a Bacharelato

Materias: Ciencias Naturais, Bioloxía e Xeoloxía, Ciencias Sociais, Xeografía e Historia, Física

Horarios:

Parque Raíña Sofía: Aberto todo o día

Museo da Sociedade Galega de Historia Natural: De martes a sábado de 10:00 a 13:30 e de 17:00 a 20:30 horas. Domingos e festivos de 10:30 a 14:00 horas.

Máis información:

Parque: visitferrol.com/parque-reina-sofia

Museo: museo@sghn.org / sghn.org

No centro da cidade destacan dous espazos moi interesantes para acudir co alumnado e completar os contidos das materias relacionadas coas Ciencias da Natureza.

O **parque Raíña Sofía** foi no seu día unha horta propiedade dos frades reconvertida nunha grande área verde en pleno corazón da cidade. O máis curioso do espazo é que nel habitan pavos reais en liberdade, o que supón unha oportunidade moi interesante para que os escolares poidan ver de cerca esta colorida especie. Ademais, o recinto conta cunha gran variedade de árbores, tales como laranxeiras, unha sequoia ou un cedro do Atlas.

Aquí tamén se atopa o xardín didáctico de Aquaciencia, equipado con diferentes trebellos, maquetas e xogos a través dos que descubrir os diferentes usos e propiedades da auga á vez que os pequenos xogan e se divirten.

Respecto aos elementos urbanísticos, destaca a Fonte Wallace, comprada en 1889 en París, e rodeada polos bustos de diferentes persoeiros ilustres de Ferrol.

Na antiga casa do Coronel do cuartel de Sánchez Aguilera, en Canido, atópase o **Museo da Sociedade Galega de Historia Natural**. Neste espazo podemos encontrar unha

gran colección de especies vexetais, animais e minerais, procedentes das doazóns de particulares e, en gran medida, da actividade do propio museo. Conta tamén cun xardín na parte traseira, con diferentes especies froiteiras, arbustivas e arbóreas.

Esta entidade realiza un labor esencial de respecto á natureza e de recuperación de especies e a súa posterior reintrodución ao hábitat natural. Por iso, cabe salientar que todas as pezas do museo foron adquiridas sen causar ningún dano á natureza. A entrada é gratuíta e é posible concertar previamente o servizo de visitas guiadas.



Ferrol 0 Km
A Coruña 57 Km
Viveiro 91 Km
Santiago 99 Km

Parque Raíña Sofía: Rúa Pintor Imeldo Corral s/n 15401 Ferrol. Tfno. 981 944 221

Museo SGHN: Praza de Canido s/n 15401 Ferrol. Tfno. 881 931 315





Idades: De Infantil a Bacharelato

Materias: Ciencias Sociais, Xeografía e Historia, Tecnoloxía

Horarios: De martes a venres de 9:30 a 13:30 horas. Sábados, domingos y festivos de 10:30 a 13:30 horas

Prezo: Gratuíto

Servizos: Tenda de recordos

Máis información:

fundacionmuseonaval.com/museonavalferrol.html

O Museo Naval mostra a histórica relación entre Ferrol e a Armada española. Está situado no edificio do primitivo Arsenal, onde se atopaba o antigo cárcere de San Campio, proxectado en 1765 por Julián Sánchez Bort.

No 1810 a fragata Madalena naufragou e quedou somerxida baixo as augas de Viveiro. Vaixelas, munición, armas ou instrumentos de navegación rescatados son algunhas das pezas que se atopan nas estancias deste museo, que naceu co propósito de gardalas e mostralas ao público.

Foi ampliando os seus fondos considerablemente con diferentes elementos da Armada Española, como armamento, aparellos de navegación e cartografía ou bandeiras. Actualmente exhibe arredor de 2.600 pezas que mostran a historia da Armada e diferentes curiosidades sobre a vida no mar.

Un dos grandes atractivos do museo é a súa colección de áncoras de distintas épocas, única no mundo. Ademais, conta con maquetas de gran formato de embarcacións icónicas, como as carabelas de Colón, o buque-escola Galatea ou o navío San Carlos Real de España.

Algunhas das estancias do antigo cárcere aproveitáronse para recrear escenas da vida cotiá dos mariñeiros do século XVIII, como é o caso das cociñas, onde se mostra como era a alimentación durante as navegacións. Os escolares tamén poden coñecer neste museo como eran as enfermarias da época, así como descubrir as curiosidades que agochan obxectos como a medalla que Hitler lle concedeu ao cruceiro Canarias, ou a cadeira que usaba Franco para pescar desde o iate Azor.

Xunto coa excursión ao Museo Naval tamén é posible xestionar unha visita ao Arsenal Militar ou a unha fragata.



Ferrol 0 Km
A Coruña 50 Km
Viveiro 87 Km
Santiago 93 Km



Avda. Irmandiños s/n Ferrol
Tel. 981 336 027

GRANXA do SOUTO

granja y centro de actividades ecuestres



— VISITAS ESCOLARES —



EQUITACIÓN, NATURALEZA Y ANIMALES EN UN LUGAR INCREÍBLE

- UN DÍA: Visita de día a la granja
- VARIOS DÍAS: Dormir en nuestra granja hípica con tu clase, disfrutando de la experiencia completa
- SEMANALMENTE: Tenemos grupos de equitación como actividad extraescolar para colegios y también para personas adultas



Comedor



Parque



Parking




Pista cubierta



Ascos



Albergue



Idades: Infantil, Primaria, ESO e Bacharelato

Materias: Xeografía e Historia, Ciencias Sociais, Física e Tecnoloxía

Horarios:

Temporada baixa: Martes a venres de 10:00 a 14:30 e de 15:30 a 19:00, sábados de 10:00 a 19:00 e domingos de 10:30 a 14:30.

Temporada alta: Luns a venres de 10:00 a 19:00. Sábados de 10:00 a 20:00 horas Domingos de 10:00 a 14:30 horas.

Máis información: As visitas guiadas son gratúitas e hai que concertalas chamando ao 981 359 682 ou en exponav@exponav.org // exponav.org

Servizos: Posibilidade de organizar obradoiros adaptados ás idades e tenda de recordos.

Para seguir afondando na historia do sector naval, Ferrol posúe un Museo da Construción Naval (Exponav), unha visita moi interesante para realizar co alumnado. A institución dispón de itinerarios guiados adaptados segundo a idade e obradoiros cos que aprender conceptos básicos de flotación ou a realizar nós mariñeiros, entre outras actividades.

Entre as novidades, este espazo conta coas "guías aventuras", unha serie de percorridos a través de pistas no teléfono móbil, sen necesidade de descargar ningunha aplicación. Hai

dous niveis de dificultade diferentes, un máis adecuado para nenos e nenas pequenos e outro para mozos e adultos.

O museo, situado nun inbmoible do século XVIII no coñecido como Arsenal dos Diques e que funcionaba como ferrerías para a Armada, conserva a súa estrutura orixinal. Alberga numerosos elementos que permiten coñecer a historia da construción naval, un sector de gran importancia para Ferrol. Tras a enorme caderna que dá a benvida aos visitantes, hai unha multitude de pezas moi interesantes de coñecer. Destacan por exemplo, os restos do casco da fragata Madalena,

afundida en Viveiro en 1810; dúas cámaras que mostran o interior dunha nave do século XVIII e outra moderna para observar as diferenzas entre ambas ou a reprodución dunha antiga ferrería.

Esta colección, de grande envergadura, é o retrato da evolución da enxeñaría de construción naval, desde a carpintería de ribeira ata os máis modernos estaleiros. Para facer unha excursión escolar, as visitas guiadas e os recursos didácticos que facilita o propio museo achegarán de xeito sinxelo todo o que hai que saber sobre os funcionamento dos barcos.



Ferrol 0 Km
A Coruña 54 Km
Viveiro 89 Km
Santiago 97 Km



Edificio de Herrerías
Avda. Irmandiños s/n. Ferrol
Tel. 981 359 682



ferrol

castelo de san felipe



Idades: Infantil, Primaria, ESO e Bacharelato
Materias: Xeografía e Historia, Ciencias Sociais
Horarios: De 10:00 a 14:00 horas e de 16:00 a 20:00 horas.
Máis información: Hai un parque infantil nas proximidades do castelo e zona de estacionamento para coche e autobús. Para as visitas en lancha é necesario contactar coa empresa Fernández Cabana no teléfono 981 340 778 ou en info@fernandezcabana.es

Para concertar visitas con guías oficiais da Xunta pódese chamar a Xulio (661 275 545) ou Jorge (650 868 780). A entrada ao castelo é gratuíta. O folleto do castelo está dispoñible para a súa descarga en visitferrol.com/castillo-de-san-felipe

Ferrol é unha cidade marcada pola importancia estratéxica da ría para defenderse das ameazas de invasión. Na súa costa estableceuse un triángulo defensivo composto por tres fortificacións: San Felipe, na marxe ferrolá; A Palma en Mugardos; e San Martiño, en Ares, hoxe desaparecido.

No século XVI, Felipe II mandou aos seus enxeñeiros a estudar a recortada costa ferrolá para situar unha serie de construcións defensivas para a Armada do reino. O conxunto que formaba esta tríada, en forma de funil, permitiu unha defensa eficaz da ría ante os ataques inimigos. Ademais, durante o século XVIII, unha grosa cadea unía os castelos de San Felipe e San Martiño,

reforzando o seu carácter defensivo. Sen embargo, a cidade foi testemuña de diferentes intentos de ataque por tropas estranxeiras, que foron frustrados polo gran sistema defensivo instalado na ría.

O actual castelo de San Felipe é o resultado dunha remodelación levada a cabo no século XVIII. Esta obra considérase un exemplo de batería con baluarte, cun deseño que conta cunha zona de canóns dirixidos ao mar e outra área con baluartes, unhas estruturas que sobresaen da muralla e que reforzan o seu carácter defensivo.

Para coñecer este castelo é posible facelo cunha visita guiada, na que

os estudantes poderán achegarse a esta parte do pasado de Ferrol. No interior da torre hai dúas exposicións permanentes, unha sobre a evolución da defensa na ría, e outra con contidos e información relevante sobre o castelo.

Á fortificación é posible chegar por terra ou mar, sendo un percorrido en lancha pola ría outra forma moi interesante de coñecer estas e outras construcións, tales como os estaleiros ou o Arsenal Militar.

Ademais, durante o verán e a Semana Santa organízanse *tours* teatralizados coa vestimenta que os soldados utilizaban no século XVIII.



Ferrol 8 Km
A Coruña 60 Km
Viveiro 95 Km
Santiago 103 Km

43° 27' 53.0" N, 8° 16' 54.0" W





Idades: ESO e Bacharelato

Materias: Ciencias Naturais, Ciencias Sociais, Xeografía e Historia, Educación Física, Ciencias Sociais

Máis información: Recurso con imaxes, guías e vídeos en www.observersciencetourism.com/es/destino/baterias-militares-de-ferrol-a-coruna
www.visitferrol.com // ferroturismo@ferrol.es

A costa ferrolá alberga un importante patrimonio militar composto por unha serie de baterías situadas a carón do mar. Para coñecer a historia defensiva da cidade, o Concello de Ferrol habilitou unha ruta que percorre nove puntos desde os que no pasado se velaba pola seguridade e protección da cidade.

No século XVI erixíronse tres castelos flanqueando a ría que tiñan fin defensiva: San Felipe, A Palma e San Martiño (hoxe desaparecido). Dous séculos despois, iniciouse o proxecto de construír cinco baterías que axudasen

a reforzar a protección da costa. Estas foron: Doniños, Prioriño Chico, Viñas, Cariño, San Cristovo e San Carlos. Algunhas destas estruturas puxéronse en funcionamento durante o século XVIII, e tiveron un importante papel durante a ofensiva das tropas inglesas. A comezos do século XX estas baterías dotáronse de pezas de armamento modernas, como os canóns Vickers, capaces de disparar proyectís de 800 quilos.

Para realizar unha visita escolar ás baterías, a ruta idónea é a que conecta San Felipe e San Cristovo.

É un itinerario de oito quilómetros entre ida e volta, pero perfectamente accesible en coche, polo que é posible acurtar as distancias. Sen embargo, as baterías de Prior e Monte Ventoso se atopan en cantís con zonas perigosas, polo que non son as máis axeitadas para ir co alumnado.

Aproveitando a visita ás diferentes fortificacións e instalacións militares, é obrigado facer unha parada nas calas e praias próximas, de gran beleza e interese ambiental, así como desfrutar e coñecer a fauna e flora que habita no litoral ferrolán.



Ferrol 8 Km
A Coruña 60 Km
Viveiro 95 Km
Santiago 103 Km



Ligazón de descarga para a guía informativa:
www.observersciencetourism.com/es/guias-viaje/ferrol-baterias-militares

ALVARELLA

- Albergue de ecoturismo •
- Equipamento de educación ambiental •



Educación ambiental e sostibilidade

- Enerxía e auga
 - Residuos
- Consumo e alimentación
 - Horto ecolóxico
 - Bioconstrución
 - Bosque e litoral
- Petroglifos de Vilarmaior
- Románico Eumés

Ocio na natureza

- Piragüismo
- Slackline e tiro con arco
 - Rocódromo
 - Cabalos
- Iniciación ao surf
 - Snorkel
- Roteiros guiados
- Xogos de orientación
 - Paseos en barco



Lg. Breanca nº 4 – Dorofña. 15615 Vilarmaior. (Pontedeume)
Tlfn. 981.78.45.63 – 648.925.134 info@alvarella.com www.alvarella.gal



Idades: Quinto e Sexto de Primaria, ESO, Bacharelato

Materias: Xeografía, Historia, Educación Física, Ciencias Sociais, Bioloxía e Xeoloxía

Máis información: Na web da Autoridad Portuaria

www.apfsc.com/puerto-de-san-cibrao/ayudas-a-la-navegacion/faros/

Recomendacións: Para visitar calquera dos faros é aconsellable levar roupa axeitada para o vento

A costa que vai de Ferrol a Ribadeo posúe gran valor paisaxístico e patrimonial. Neste litoral atopamos varios faros coidados e xestionados pola Autoridad Portuaria Ferrol-San Cibrao. A ruta que os percorre é un itinerario de enorme beleza por nove puntos de interese, adecuada para unha xornada en familia ou coa escola.

O traxecto comeza en Ferrol, concretamente no Cabo Prioriño, sobre o que se alza unha lanterna construída no 1854. Nos seus arredores localízanse as baterías militares de Prioriño e Punta Viñas. A seguinte parada é o Cabo Prior, na parroquia ferrolá de Covas. Á beira dun rochoso cantil está situado este faro, cunha portabandeira e tres baterías de costa no seu arredor.

Cara ao norte, na localidade mariñeira de Cedeira, atópase o seguinte punto de interese do percorrido. Trátase do faro de Punta Candieira, cuxa torre está en funcionamento desde 1954 e situado ao final dunha estrada chea de curvas, a carón do mar e asomado ás fermosas vistas que ofrece o horizonte.

A comarca do Ortegal posúe un gran valor xeolóxico e nela poden verse fenómenos tan pouco comúns como que as rochas do manto terrestre asomen á superficie. Inserido no Xeoparque do Cabo Ortegal destaca o faro co mesmo nome, construído sobre unha atalaia que ofrece unhas vistas impresionantes do océano e os cantís que o rodean.


Desde aquí a ruta lévanos ata a Mariña Lucense, en concreto á zona de O Vicedo, onde se sitúa un dos puntos máis recoñecidos de toda a costa galega: a Punta Socastro, popularmente coñecida como O Fuciño do Porco, na que temos un pequeno faro. Desde calquera dos puntos do camiño hai unhas vistas impresionantes do contorno.

Para rematar esta ruta hai que chegar ata o límite con Asturias. En Ribadeo atópase Illa Pancha, un pequeno illote conectado coa terra a través dunha ponte. Aquí están o faro orixinal, que data de 1857, e outro novo, construído a finais do século XX e que na actualidade funciona como hotel.



Sede: Peirao de Curuxeiras s/n.
Ferrol
Tel: 981 338 000
www.apfsc.com
ferrol@apfsc.es





Idades: de Primaria a Bacharelato, o Porto facilita persoal técnico ou guía que adapta o percorrido a cada grupo.

Materias: Xeografía, Ciencias Sociais e Tecnoloxía

Máis información: na web da APFSC hai un contacto e un formulario online para solicitar a visita.

www.apfsc.com/puerto-y-ciudad/visitas/

A actividade portuaria é esencial na economía de Ferrol e dos concellos da comarca. No 2022, o tráfico de contedores do porto exterior moveu 411.649 toneladas, un 155% máis que o ano anterior. As dársenas interior e exterior nas que atracan grandes barcos e se moven todas estas mercadorías constitúen, por iso, un destino apaixonante para unha excursión escolar.

A Autoridade Portuaria de Ferrol-San Cibrao organiza visitas escolares guiadas, sempre en horario de mañá, coas que os pequenos poderán descubrir como atracan e desatracan os barcos, que tipo de mercadorías moven, as funcións e as características das infraestruturas portuarias ou como se vivía e ordena o porto, entre moitas outras cousas.

Esta á unha actividade moi especial para facer coa rapazada, sobre todo coa de maior idade, útil para transmitirles a importancia dos portos de Ferrol e San Cibrao para a cidade e a comarca, e en xeral para a zona norte de Galicia. Pódese visitar a zona dos pantaláns en Curuxeiras, a lonxa, o CCS (Centro de Control e Seguridade) e facer un percorrido polos peiraos comerciais e a zona de atracada de cruceiros. Ademais das actividades comerciais, nestes peiraos desenvólvense tamén actividades pesqueiras e marisqueiras, así como náutica de recreo, entre outras.

A situación estratéxica do porto exterior e o seu calado (20 metros) outórgalle unha gran vantaxe

competitiva con respecto a outros portos similares. Aquí os rapaces poderán ver o Centro de Coordinación e Servizos desde onde se vivía e controla toda a seguridade do porto e o tráfico marítimo, tanto do que ten como destino ou punto de partida Ferrol como do que transita polo Corredor Atlántico. Os escolares tamén poderán coñecer mellor o labor da policía portuaria, así como as distintas terminais do porto exterior.

Destaca a terminal de contedores, de 300.000 metros cadrados xestionada por Yilport Ferrol, que conecta a urbe naval cos principais portos de mercadorías de todo o mundo. Desde maio de 2022, a nova liña X-Press Feeder chega a lugares como China ou América, entre outros destinos.



Sede: Peirao de Curuxeiras s/n.
Ferrol
Tel: 981 338 000
www.apfsc.com
ferrol@apfsc.es





Idades: Terceiro ciclo de Primaria, ESO e Bacharelato

Materias: Bioloxía, Ciencias Naturais, Xeografía e Historia, Lingua e Literatura, Educación Física, Educación Plástica, Historia da Arte

Duración:

Ruta Muíños: entre dúas e tres horas, 6km, dificultade baixa

Ruta dos Sentidos: sobre dúas horas, 3km, dificultade baixa

Ruta da Poza da Lagoa: sobre dúas horas, 3km, dificultade media

A Ruta dos Muíños ten unha unidade didáctica para traballar na aula. Solicítala no enderezo avvalledeesmelle@gmail.com

Horario museo: Xoves de 17:00 a 20:00 horas. Sábados de 11:00 a 13:00 horas

Prezo: 1€

Reservas para grupos: avvalledeesmelle@gmail.com / 629 368 114

Información sobre aluguer de bicicletas: no 981 365 390 ou en cbttvalledeesmelle@gmail.com



O patrimonio etnográfico do val de Esmelle é un dos grandes atractivos da zona, que conta ademais cun importante valor ambiental. O Proxecto Esmelle naceu no ano 2003 da man dos veciños, que pretendían atraer a atención das administracións a espazos que estaban a sufrir un importante abandono. Organizáronse e puxeron en marcha a restauración dos antigos muíños e a recuperación do bosque autóctono.

A zona presenta diferentes rutas de sendeirismo para facer a pé ou en bicicleta, coas que visitar algúns dos elementos de maior importancia do val, como son lavadoiros, fontes, muíños, hórreos, un castro celta ou a praia. É posible solicitar unha visita cun membro da Asociación de Veciños, que guiará e acompañará na excursión. Para completar a xornada,

na agrupación dispoñen de unidades didácticas para que o alumnado poida continuar co aprendido na aula.

Unha das andainas máis populares é a Ruta dos Sentidos, inspirada no libro Merlín e Familia, de Álvaro Cunqueiro, na que hai paneis con fragmentos da obra e inclusive unha estatua do mago. Outro percorrido de interese para facer cos escolares é a Ruta dos Muíños, na que se visitan ata 22 diferentes.

O Museo Pérez Porto, que alberga as obras do ceramista fenés, foi outra das iniciativas promovidas desde a Asociación de Veciños do Val de Esmelle, que vén de integralo na Rede de Centros Museísticos de Ferrolterra. A exposición ocupa un inmoible na zona da Cochera, cedido por unha veciña e restaurado. Conta con dúas salas nas que están expostas

diferentes pezas do artista, que é o artífice da estatua do mago Merlín.

A representación do mundo rural e tradicional galego e os seus mitos e lendas son a base da obra de Pérez Porto. Esta visita tamén pode ser de moito interese para facer desde os centros escolares, polos valores de identidade da terra e defensa do rural galego que se mostran nestas pezas.

Outra iniciativa que enlaza perfectamente con este deveso da veciñanza de Esmelle de coñecer a historia do seu territorio é a escavación arqueolóxica que este último verán realizou a Cátedra de Arqueoloxía e Educación Patrimonial da Universidade da Coruña, no Campo de Tralocastro. Grazas á iniciativa é posible tamén coñecer os restos dun asentamento castrexo fortificado.



Ferrol 8Km
A Coruña 57Km
Viveiro 88Km
Santiago 100Km



Local social de Esmelle
15594 Ferrol

Tel. 629 368 114

www.facebook.com/valledeesmelle
avvalledeesmelle@gmail.com



FOREVER JUMP


**LA DIVERSIÓN
+ AUTÉNTICA
PARA
TUS ALUMNOS**

Un espacio indoor con más de 3.000m² de
camas elásticas y atracciones, diseñado para
disfrutar del deporte y divertirse de forma
segura con sus amig@s en Urban Planet.



CENTRO COMERCIAL PARQUE OLEIROS

MÁS INFO Y RESERVAS EN:

 info.oleiros@urbanplanetjump.es  881 244 287



Idades: Desde Primaria a Bacharelato

Materias: Ciencias Naturais, Ciencias Sociais, Xeografía e Historia, Educación Física

Recomendacións: Levar prismáticos ao monte de Ancos enriquecerá a visita. Tamén son recomendables no paseo marítimo para observar as aves que alí descansan

Neda posúe unha das **panorámicas máis impresionantes** da ría de Ferrol. Desde o miradoiro situado no monte de Ancos a aproximadamente 262 metros de altitude pode contemplarse a cidade de Ferrol e a desembocadura do río Grande de Xuvia. Incluso, en días despexados no horizonte pode divisarse a vila de Sada e a cidade da Coruña.

Estas privilexiadas vistas requiren de certo esforzo para chegar ata a cima, pois a vía posúe unha pronunciada

pendente durante tres quilómetros. Porén, ao carón do miradoiro hai un pequeno espazo para estacionamento de vehículos, polo que sería a opción máis axeitada para realizar unha visita escolar de forma segura e apta para nenos e nenas de diferentes idades.

No cumio máis baixo dos tres que ten este monte están os restos do castro de Ancos. Sobre este existe a lenda da **antiga cidade de Libunca**, que foi unha urbe supostamente habitada nesta zona ata ben entrada a Idade

Media. Xunto ao castro está a Fonte da Aureana, asociada tamén a unha curiosa lenda.

A vila de Neda posúe ademais outros atractivos no seu casco antigo, e numerosos espazos adecuados para descansar e xogar cos pequenos. O seu **paseo marítimo** percorre a liña do litoral deste municipio ata o límite con Narón e conta con diferentes bancos e áreas de descanso, tres parques infantís e unha pista polideportiva na que xogar ao aire libre.



Ferrol 13 Km
A Coruña 53 Km
Viveiro 78 Km
Santiago 97 Km



Monte de Ancos: 43°31'03.6"N 8°08'28"W
Concello de Neda
Tel. 981 380 039
neda.gal



Idades: Desde Infantil a Bacharelato

Materias: Educación Física, Ciencias Naturais, Xeografía e Historia, Bioloxía

Duración: Estimase en media xornada cada unha das rutas

Recomendación: Levar auga, roupa e calzado axeitados para camiñar.

Ter especial coidado durante o inverno porque o chan pode estar esvaradío

O patrimonio ambiental de Neda é enorme, sendo a auga un dos bens de maior relevancia do municipio, tanto polo seu valor natural como polo seu uso en diferentes industrias.

Un espazo de gran relevancia é a **Fervenza do Río Beelle**, que con 45 metros de caída ofrece unha das paisaxes fluviais máis impresionantes da comarca. Na base hai diferentes pozas nas que adoitan mergullarse os máis atrevidos durante a época estival. O mellor momento para visitala é no outono e no inverno, pois o caudal do río aumenta e a auga cae con moita máis forza e intensidade.

Pode ser de interese a **guía "O río Beelle ao natural"**, que está a disposición das persoas interesadas na Biblioteca Municipal e que é obra

do profesor Lois Anxo Rodríguez. Nela hai diferentes propostas para desenvolver **experiencias e actividades sinxelas con nenos e nenas** de distintos niveis educativos nesta extraordinaria contorna.

Hai varias rutas pola zona, unha delas é circular e comeza no pazo de Isabel II, que foi unha antiga fábrica de tecidos inaugurada en 1843. Ao seu carón hai unha pequena área para estacionar. O camiño avanza á beira do río Beelle, onde no pasado **chegaron a existir ata 40 instalacións tales como muíños, fábricas ou ferrerías**. No primeiro tramo da ruta pásase xunto ao muíño da Barcia e a central hidroeléctrica de Neda, que comezou a funcionar a principios do século XX e que na actualidade segue en activo.

Unha vez cruzas o río pódense escoller diferentes itinerarios. Un deles conduce ata os pés da fervenza, mentres que outro ascende pola ladeira da montaña ata un **miradoiro-cenador de madeira** desde o que se pode apreciar a caída da auga da fervenza. Outro itinerario permite subir ata o miradoiro de Viladonelle, desde onde hai unhas increíbles vistas da paisaxe.

A auga é un elemento moi prezado para Neda. A súa calidade está ligada ao seu produto máis popular, o pan. É coñecida como a **capital do trigo de Galicia** polo seu riquísimo pan, cun sabor e textura que o fan realmente especial. Tal é a importancia, que a primeira semana de setembro desde hai máis de 30 anos, organizan a coñecida como Festa do Pan.




Ferrol 6 Km
A Coruña 46 Km
Viveiro 80 Km
Santiago 87 Km

Fervenza Beelle: 43°28'56.1"N 8°07'16.8"W

Concello de Neda

Tel. 981 380 039

neda.gal





Idades: Educación Primaria, ESO e Bacharelato
Materias: Educación Física, Ciencias Naturais, Bioloxía e Xeoloxía
Máis información:
fene.gal/turismo/index-turismo/es

Durante os meses de mellor tempo, como son o inicio e final de cada curso escolar, pódense facer excursións ao aire libre relacionadas coa natureza e o ocio activo. Para este tipo de actividades, Fene posúe praias ideais nas que facer rutas e practicar deportes acuáticos.

O concello conta con sete areas, situados entre a ría de Ferrol e a de Ares, cunha orientación perfecta e moi recollidos para os días de vento.

Ademais de atoparse nun contorno natural privilexiado e non urbanizado nin masificado, estas praias teñen augas tranquilas e seguras que permiten que os pequenos poidan aprender a nadar ou realicen actividades como palasurf ou piragüismo.

De entre todos os areas, destacan Almieiras -na que hai tamén un establecemento de hostalaría- Río Castro, Río Sandeo e Coído. Todas pertencen á parroquia de Limodre e

son praias cunha beleza excepcional. Están conectadas por unha senda natural que permite facer unha ruta de sendeirismo de dificultade baixa, apta para diferentes idades e na que coñecer a fauna e a flora autóctonas, así como gozar da contorna natural e as vistas á ría. Este destino é moi interesante para unha excursión escolar pola posibilidade de facer a andaina pola costa, darse un baño ou realizar actividades acuáticas nalgún dos areas.



Ferrol 6 Km
A Coruña 46 Km
Viveiro 80 Km
Santiago 87 Km



Concellerías de Ensino e Deportes:
 Av. de Naturais, 44, entresollado. Fene
Tel. 981 340 366
cultura.deportes@fene.gal



Idades: De Infantil a Bacharelato

Materias: Educación Plástica, Ciencias Sociais, Debuxo

Horarios: Visitas guiadas en horario de mañá de luns a venres de 10:00 a 13:00

Máis información: fene.gal/museo-do-humor/portada-museo-humor/gl

Teléfonos: 981 342 400 / 981 341 451

Enlaces a percorridos virtuais:

Á exposición "Volta á Orixe"

my.matterport.com/show/?m=LQdGRM4MdME

Ao museo my.matterport.com/show/?m=zS7Bx8kprVB

A educación artística fomenta a creatividade, a imaxinación e a sensibilidade, que son esenciais para o desenvolvemento dos nenos e nenas. Sen embargo, moitas veces esta área é esquecida no currículo educativo e non se lle presta a atención que merece. Por iso, unha excursión ao Museo do Humor Xaquín Marín é idónea para promover o interese dos pequenos pola arte, contribuíndo a desenvolver o seu sentido do humor, moi necesario para aprender a xestionar as emocións.

En 1984 o debuxante Xaquín Marín fundou este museo, tras pasar un ano percorrendo Galicia xunto con

Siro López defendendo un manifesto sobre o humor galego, un ben inmaterial que consideraban que estaba en perigo de extinción.

Aprender, rir e imaxinar é o que poden facer os escolares cando visiten este museo, no que hai obras de humoristas galegos como Siro López, Reimundo Patiño, Xaquín Marín ou Luis Davila. A exposición permanente alberga arredor de 300 pezas con diferentes formatos, conformando un museo que contén moito máis que as típicas tiras cómicas. Hai ilustracións orixinais, pero tamén esculturas ou espellos cóncavos e convexas cos que empezar a rir e non parar.

Para que a visita sexa aínda máis divertida, pódese solicitar unha guía e, ademais, no museo organízanse obradoiros artísticos para todas as idades, que permiten materializar a creatividade e a imaxinación do alumnado nun escenario moi inspirador.

A exposición antolóxica de Xaquín Marín xa non está dispoñible de forma física no museo, pero é posible coñecerla de forma virtual a través da web da entidade, que agora conta con percorridos virtuais. Esta nova funcionalidade permite traballar tamén na aula de forma previa ou posterior á visita.



Ferrol 6 Km
A Coruña 46 Km
Viveiro 80 Km
Santiago 87 Km

Avda. de Conces, 20-22. Fene
museodohumor@feneidadan.gal
museodohumor@gmail.com



as pontes

as pontes en pezas, rutas sendeiristas,
a ruta industrial e o lago



Idades: Primaria (As Pontes en Pezas e a Senda da Ribeira), ESO e Bacharelato

Materias: Educación Plástica e Visual, Historia e Xeografía, Historia da Arte, Ciencias Naturais, Ciencias Sociais, Bioloxía, Xeoloxía

Máis información sobre As Pontes en Pezas: enpezas.aspontes.org
Máis información sobre as rutas de sendeirismo:

Senda da Ribeira: www.turismo.gal/recurso/-/detalle/200522000137

Senda das Fragas: www.turismo.gal/recurso/-/detalle/170526000748

Máis información sobre o lago e a ruta industrial:
www.experienciaindustrial.es/ruta-industrial



As Pontes en Pezas é un proxecto que naceu no ano 2017 co obxectivo de encher de arte a vila e crear un museo ao aire libre no que se relate a historia da localidade a través de diferentes técnicas artísticas. Na actualidade xa son máis de 40 as pezas que decoran as rúas, elaboradas tanto por veciños como por diferentes artistas.

As obras son moi diversas, desde graffitis ata fotografías e murais de gran formato, posto que a liberdade creativa é total.

Esta iniciativa ten como obxectivo a promoción da convivencia e a cooperación veciñal, á vez que se fomenta a creatividade e se poñen en valor as lendas, historias, personaxes

e oficios da vila pontesa. Visitar As Pontes en Pezas co alumnado pode ser moi interesante para espertar a sensibilidade pola arte e transmitir-lles os valores do proxecto.

Ademais de camiñar polas rúas de As Pontes coñecendo este museo ao aire libre, a vila conta con dúas rutas de sendeirismo, ideais para completar a xornada e coas que inculcar valores de coidado e respecto ao medio natural.


A Senda da Ribeira parte desde famosa ponte de García Rodríguez, tamén coñecida como Ponte Vella ou Ponte dos Ferros, que data do ano 1376. Recibe o nome do cabaleiro García Rodríguez de Valcárcel, señor destas terras, que a mandou edificar en

agradecemento pola axuda prestada durante a guerra contra o seu medio irmán, Pedro I Castela, O Cruel.

É un itinerario circular de aproximadamente seis quilómetros por un paseo de madeira á beira do río Eume, pasando xunto a elementos patrimoniais como a Igrexa de Santa María, do século XVI, a ponte de Isabel II, construída en 1862, e os muíños da Ribeira e Alende.

O percorrido é sinxelo, e conta con zonas para facer paradas e descansar e xogar, como a área recreativa da Ribeira Nova.

A outra opción é unha ruta máis longa e esixente. A Senda das Fragas



Ferrol 27 Km
A Coruña 54 Km
Santiago 97 Km
Viveiro 64 Km



Casa do Concello
Parque Municipal, s/n
Teléfono 608 201 251



de Ribeira e Lostegal é tamén unha andaina circular, que conta con desniveis pronunciados ao longo dos 19 quilómetros de extensión, nos que se percorren lugares de gran atractivo paisaxístico como o Alto da Carballeira, desde onde se pode ver unha increíble panorámica da vila e das Fragas de Lostegal e da Ribeira, que posúen abundante e diversa vexetación.

Debido ao seu gran patrimonio fabril, As Pontes é un dos destinos de referencia do turismo industrial. A localidade forma parte da Rede Europea de Patrimonio Industrial (ERIH), desde 2021.

Esta vila mineira estivo tradicionalmente marcada pola súa

intensa actividade industrial. Nos anos 40 comezou a funcionar a mina de As Pontes, que naquel momento foi a maior explotación a ceo aberto de España. Durante anos extraeuse a gran escala carbón da variedade lignito pardo montés. Este primeiro fito industrial motivou a aparición das centrais eléctricas e os encoros que supuxeron o crecemento da vila. Outro elemento destacable é a cheminea de Endesa, que é a máis alta de Europa, con 365 metros.

Actualmente, o oco que deixou a desaparecida mina está ocupado por un lago artificial co que se fixo un importante labor de recuperación do contorno, ata tal punto que o espazo posúe a bandeira azul. É un área ideal

para xogar e realizar actividades de lecer, no que tamén se pode gozar do atardecer desde o novo bambán instalado fronte o lago.

Para coñecer os puntos máis emblemáticos da paisaxe industrial pontesa, o Concello de As Pontes trazou unha ruta con dous posibles itinerarios: Un é circular e máis curto (1 hora a pé) e outro é máis extenso (máis de 2 horas). Ambos, que son unha opción moi acertada para realizar cos escolares, comezan e rematan no Punto de Información Turística situado no lago. Os dous itinerarios son realizables a pé ou en bicicleta e contan con sinalización e paneis informativos para coñecer máis sobre a contorna, a fauna e a flora.



Ferrol 27 Km
A Coruña 54 Km
Santiago 97 Km
Viveiro 64 Km

Casa do Concello
Parque Municipal, s/n
Teléfono 608 201 251





Idades: Primaria, ESO e Bacharelato

Materias: Ciencias Sociais, Xeografía e Historia, Ciencias Naturais, Tecnoloxía

Centro Interpretación A Mina: Máis información e visitas guiadas no 981 45 31 16 // 619 950 082.

Horario: De mércores a venres 18 a 20:00h, e de xoves a sábado de 11 a 13:30 horas. Os domingos hai visitas guiadas

As Pontes aposta por potenciar o seu patrimonio mineiro e industrial a través de dous novos espazos dedicados a poñelo en valor. Facer unha visita escolar a estes museos permitirá ao alumnado coñecer unha parte moi importante do pasado da comarca.

O Centro Expositivo da Maquinaria Mineira das Pontes (CEMAM), instalado na antiga escola de Saa, alberga arredor de 70 réplicas elaboradas por Manuel Barro García, antigo traballador da mina, quen recreou en miniatura moitas máquinas que pasaron polas súas mans. Ademais, a exposición permite volver ao pasado a través das fotografías do xornalista Ramón Loureiro, nas que se inmortalizaron as máquinas e os

traballadores da industria pontesa na década dos 90. Estas imaxes combínanse coas do fotógrafo Daniel Díaz Trigo, que reinterpretou a obra de Loureiro, mostrando o pasado recente da mina.

Para seguir afondando no pasado mineiro, o Concello e a Asociación de Estudos Históricos e Sociais Hume puxeron en marcha o Centro de Interpretación "A Mina", con materiais cedidos por Endesa e que está situado na antiga Casa da Enerxía. Este espazo acolle unha colección sobre a historia industrial da localidade, ligada á mina de lignito pardo: desde o descubrimento de carbón nas Pontes ata o fin da actividade mineira, pasando pola construción da central térmica.

Neste espazo afóndase nos 30 anos de historia da mina, permitindo ao alumnado coñecer de cerca o proceso de extracción e transformación do carbón en electricidade, as infraestruturas, a maquinaria e a actividade do día a día na mina e na central térmica. Hai unha sala destinada ás curiosidades, con contidos deseñados para o público infantil, co obxectivo de que se acheguen á historia da vila, da industria e da enerxía.

"A Mina" conta tamén cun espazo destinado a exposicións temporais e unha sala multidisciplinar creada para acoller todo tipo de propostas culturais, como a presentación de revistas, conferencias ou a proxección de documentais.



Ferrol 27 Km
A Coruña 54 Km
Santiago 97 Km
Viveiro 64 Km



Centro Expositivo da Maquinaria Mineira das Pontes (CEMAM), Escola de Saá (AC-142), número 30



as pontes

casa do mel e museo etnográfico



Idades: Infantil, Primaria, ESO e Bacharelato

Materias: Ciencias Sociais, Xeografía e Historia, Ciencias Naturais, Bioloxía

Información Casa do Mel: O prezo da entrada son 3€ por persoa, con guía.

O horario por semana é a convir polo grupo e as fins de semana de 16:00 a 21:00.

É necesaria unha reserva previa chamando ao 661 003 616.

Hai unha tenda de mel e de produtos apícolas.

Ten un aparcadoiro amplo.

www.casadomel.es

Información Museo Etnográfico: O prezo é gratuíto e a visita con guía. O horario é de martes a venres de 18:00 a 19:30 e sábados, domingos e festivos de 11:30 a 13:00.

As visitas en grupo deben concertarse chamando ao

670 509 697 ou escribindo a info@montecaxado.gal

www.montecaxado.gal

As abellas son esenciais na natureza, e desde a Casa do Mel propoñen diferentes actividades coas que concienciar aos máis pequenos. Organizan as apirrutas, que son itinerarios de sendeirismo, con dúas opcións: unha máis curta e outra máis extensa, para adaptalas segundo a idade dos escolares. En ambas visitanse tres apiarios situados na zona de rehabilitación de Endesa, que se completan cunha charla explicativa sobre a apicultura na súa aula da natureza.

Tamén hai a posibilidade de facer unha visita guiada á casa-museo, na que ademais de exposicións, a rapazada pode participar en obradoiros de cera e catas de mel. Para facelas é necesario reservar con antelación

O Museo Etnográfico do Monte Caxado está en pleno centro da vila, e alberga arredor de 4.000 pezas pertencentes á vida cotiá da veciñanza pontesa e galega ao longo do tempo. Esta colección foi impulsada polo mestre José López Ferro desde 1984, e foi medrando

grazas ás contribucións da veciñanza. O obxectivo é manter o patrimonio e garantir que as xeracións futuras poidan coñecer a cultura, a historia e os costumes de Galicia a través de diferentes obxectos. O museo está dividido por áreas temáticas: oficios, vida cotiá, a casa, a escola, a emigración ou o xoguete, entre outras.

É posible visitar o espazo mediante un percorrido guiado, actividade da que se ocupa López Ferro, quen tamén xestiona os fondos do museo.



Ferrol 27 Km
A Coruña 54 Km
Santiago 97 Km
Viveiro 64 Km

Casa do Mel:

Estrada Pontedeume-As Pontes (AC-564), 5 Goente
661 003 616 / 981 102 249

Museo Etnográfico Monte Caxado:

Praza da Igrexa, As Pontes. 670 509 697 / 698 148 890





Idades: Primaria, ESO e Bacharelato
Materias: Bioloxía e Xeoloxía, Xeografía e Historia, Ciencias Sociais, Educación Física
Máis información sobre o proxecto e as xeorrutas:
proxecto.xeoparquecabortegal.gal/es/



Este curso podemos gozar do Xeoparque Cabo Ortegal cunha boa nova, porque a Unesco aprobou o seu recoñecemento como Global Geopark. A área norte da provincia da Coruña é unha zona cun importantísimo valor xeolóxico, o que a converte nun destino perfecto para realizar unha excursión escolar. A través das diferentes rutas é posible aprender e aplicar de forma práctica os contidos aprendidos en materias como Ciencias Naturais ou Xeoloxía.

O Xeoparque esténdese por un territorio rochoso que abrangue 630

quilómetros cadrados distribuídos polos concellos de Cariño, Cedeira, Cerdido, Moeche, Ortigueira, San Sadurniño e Valdoviño. Conta con 52 Lugares de Interese Xeolóxico, dos cales cinco gozan de relevancia internacional. Gran parte da riqueza xeolóxica do xeoparque concéntrase na zona costeira, onde se aprecian con maior detalle os resultados da Oroxénese Varisca e as rochas que xurdiron desde as profundidades do planeta desde hai case 400 millóns de anos.

En poucas zonas do mundo é posible ver rochas do manto terrestre na

superficie, pois habitualmente atópanse a 70 quilómetros baixo a terra. Os tesouros xeolóxicos que agocha este xeoparque poden ser visitados mediante diferentes rutas guiadas conducidas por Francisco Canosa, doutor en Xeoloxía e un dos impulsores deste proxecto.

Nestes percorridos é posible coñecer moitos dos puntos de interese da zona, como o Macizo do Limo en Cariño, os cantís de San Andrés de Teixido ou os de Vixía Herbeira, que son os máis altos da Europa Continental e que se formaron ao tempo que os Alpes ou o Himalaya.



Máis información en:
[turismo.dacoruna.gal/gl/descargas/
proxecto-de-xeoparque-do-cabo-ortegal](http://turismo.dacoruna.gal/gl/descargas/proxecto-de-xeoparque-do-cabo-ortegal)





Ao carón destes cantís se atopa a praia de Teixidelo, que é a única no mundo que posúe area negra non volcánica. E cara o norte, na área do cabo Ortegal se encontran as rochas máis antigas da Península Ibérica, atopándose en Estaca de Bares o lugar onde se separan as augas do Atlántico e o Cantábrico.

Este conxunto xeolóxico ten tamén unha grandísima riqueza natural, con numerosas especies de fauna e flora. O litoral entre Valdoviño e Ortigueira ten en moitas zonas algún grao de protección de ámbito europeo, con áreas declaradas de Especial Valor

Natural, Especial Conservación ou Especial Protección para as Aves, pois é lugar de paso migratorio de moitas especies aviares.

Nos concellos de interior como Moeche ou Cerdido teñen especial interese as acumulacións de minerais no interior dalgúns covas, que poden ser visitadas con itinerarios guiados. O cobre que se explotou nas minas destas localidades xurdiu como resultado dunha intensa actividade termal no fondo mariño, onde existían chemineas volcánicas, polas que saían gases e minerais a alta temperatura que se arrefriaban en contacto coa

auga. Aquí é posible ver curiosas estalactitas e estalagmitas de cor azul.

O importante patrimonio xeolóxico e ambiental deste área é tema de investigación desde mediados do século XX, e agora, o recoñecemento do espazo como Xeoparque implica a necesidade de protexer e divulgar este patrimonio, pois supón ademais un incentivo turístico e de dinamización dos concellos que atravesamos. O excepcional valor científico e ambiental o converte nun destino ideal para facer unha excursión co alumnado, na que se poden combinar diferentes contidos e actividades.



Máis información en:
[turismo.dacoruna.gal/gl/descargas/
proxecto-de-xeoparque-do-cabo-ortegal](http://turismo.dacoruna.gal/gl/descargas/proxecto-de-xeoparque-do-cabo-ortegal)






Idades: De Infantil a Bacharelato

Materias: Ciencias Naturais, Bioloxía, Xeografía e Historia, Ciencias Sociais, Educación Física

Información dobre as rutas guiadas: Posibilidade de organizar visitas escolares guiadas os venres, coa Deputación Provincial da Coruña.

Teléfono de contacto: 688456374.



As Fragas do Eume son un dos bosques atlánticos de ribeira mellor conservados de Europa. O parque natural, que conta con 9.000 hectáreas de extensión, distribúese polos municipios de Pontedeume, As Pontes e Monfero.

Para coñecer estes exuberantes bosques ao carón do río Eume o mellor é facelo a pé a través dalgunha das diferentes rutas que percorren o parque. Este río, duns cen quilómetros de lonxitude total, labrou un profundo

canón, no que se conserva o manto vexetal orixinal dos bosques atlánticos. Carballos, chopos, freixos, amieiros, máis de 20 especies de fentos e 200 de líques converten estas fragas nunha heteroxénea selva. Ademais do gran valor vexetal do parque, as Fragas do Eume contan con máis de 100 tipos de aves e diferentes mamíferos e peixes, entre os que destacan especies endémicas como a ra ibérica.

Para facer nunha xornada en familia ou co alumnado, unha das rutas

máis recomendadas é "O secreto do Eume". Este é o itinerario ideal para coñecer a diversidade vexetal das Fragas e o Mosteiro de Caaveiro, un antigo templo agochado no corazón do bosque, que foi erixido sobre un montículo rochoso rodeado polos ríos Eume e Sesín. Recentemente rehabilitado, este cenobio románico do século X, conta cunhas vistas espectaculares das fragas. Ademais, o recinto posúe un centro de interpretación no que se poden coñecer con maior profundidade as



Ferrol 25 Km
A Coruña 45 Km
Viveiro 85 Km
Santiago 88 Km





distintas estancias que albergaba o mosteiro: as igrexas, a sancristía, o cabido, o arquivo, a torre do campanario etc.

No Parque Natural das Fragas do Eume restrínxese o uso de vehículos particulares durante a Semana Santa e os meses de verán.

Dada a gran afluencia de visitantes neste período tanto ao Parque Natural como ao Mosteiro de Caaveiro, a Deputación Provincial


da Coruña, en colaboración coa Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio da Xunta de Galicia (Servizo de Conservación da Natureza) ven prestando un servizo de transporte de visitantes por medio de autobuses entre o Centro de Interpretación do Parque Natural e a Ponte de Caaveiro.

Na páxina web da Deputación Provincial hai tamén información sobre outros recursos patrimoniais que poden ser de interese para

realizar unha visita escolar, como o Pazo de Mariñán e os seus xardíns, que foi declarado conxunto histórico artístico e monumental no ano 1972; o dolmen de Dombate, un monumento megalítico situado no concello de Cabana de Bergantiños, ou o de Cabaleiros, este en Tordoia; as Torres do Allo, que son un dos pazos máis antigos de Galicia, no municipio de Zas ou o castelo de Vimianzo, unha fortaleza medieval ao pé da estrada da Coruña a Fisterra.

Centros de recepción de visitantes:

Estrada Pontedeume-Mosteiro de Caaveiro, km 6, Ombre
Estrada DP-5003 Mosteiro de Monfero
Museo Etnográfico da Capela. O Pazo, s/n. A Capela





Idades: Dende Educación Infantil ata Bacharelato
Materias: Ciencias Naturais, Bioloxía, Ciencias Sociais, Xeografía e Historia, Educación Física
Máis información: Para visitas guiadas á horta de conservación de froiteiras e o apiario contactar con Rexenerando en info@rexenerando.com // 604 03 35 15
Para saber máis pode consultarse o libriño do proxecto: sansadurnino.gal/wp-content/uploads/2023/04/LIBRINHO-TERRADEVIDA-PANT.pdf



Dinamizar e poñer en valor os espazos verdes é un dos obxectivos do Concello de San Sadurniño desde hai máis dunha década. O proxecto "Terra de vida", xestionado pola cooperativa Rexenerando, naceu para visibilizar os terreos da Cortiña, un ecosistema de gran valor na localidade, a través de percorridos e obradoiros para escolares e familias.

A Ruta da Natureza é un itinerario circular de tres quilómetros que une

diferentes puntos de interese á beira do Xuvia. O percorrido comeza no Pazo da Marquesa, un edificio que alberga actualmente a Casa do Concello e que data do século XVI. A edificación, vinculada ao Señorío de San Sadurniño e ao posterior Marquesado, foi un espazo de referencia para a aristocracia española nos inicios do século XX, coa visita de políticos, escritores ou mesmo do rei Alfonso XIII.

Os exteriores do pazo están deseñados conforme á moda dos

xardíns franceses da época, con elementos decorativos exóticos e con gran variedade botánica foránea. O camiño segue á marxe do Xuvia, con paradas para continuar explorando a zona a través dos sentidos, con historias e contos que fomentan a educación e o respecto ambiental.

Neste contorno sitúase o arboreto, un xardín botánico composto por unha mostra das especies arbóreas máis representativas de Galicia: a carballeira, o soto, o bidueiral, o



Ferrol 21 Km
A Coruña 61 Km
Viveiro 74 Km
Santiago 103 Km



Casa do Concello de San Sadurniño
Casal, 16
sansadurnino.gal



bosque de ribeira, o faial, o sobreiral e a fraga. A Fraga Máxica completa este espazo con figuras de madeira deseñadas polos artistas locais Carlos García e Marina Goti. Trasnos, gnomos, dragóns e outros animais mitolóxicos ou de fábula en gran formato intégranse nun contorno que deixa espazo á imaxinación.

No recinto atópase tamén a horta de froiteiras de Carlos Fornos, con máis de 500 exemplares de diferentes especies, que naceu co obxectivo de recuperar

as variedades autóctonas en perigo de extinción. E ademais, nos arredores atópase o apiario didáctico, no que aprender sobre a vida das abellas.

O arboreto e a horta teñen un gran valor ambiental e forman parte da Rede Natura, onde tamén se inclúen o paseo fluvial, o río Castro e a serra do Forgoselo. Ademais, a zona de San Sadurniño está inserida no Xeoparque do Cabo Ortegal, que obtivo recentemente o recoñecemento da Unesco pola súa riqueza xeolóxica e

que ofrece diferentes xeorrutas polo municipio.

Rexenerando ofrece tamén obradoiros de educación ambiental e consumo responsable, cos que explorar os espazos verdes combinando lecer e contacto coa natureza.

San Sadurniño conta con variedade de actividades para facer en familia ou coa escola. Durante o ano celébranse eventos como a Carreira Popular, a Feira Rural ou a da Plantación.



Ferrol 21 Km
A Coruña 61 Km
Viveiro 74 Km
Santiago 103 Km

Casa do Concello de San Sadurniño
Casal, 16
sansadurnino.gal





Idades: Desde Primaria ata Bacharelato

Materias: Educación Física, Ciencias Naturais, Bioloxía, Ciencias Sociais, Xeografía e Historia

Información sobre a piscina: Está aberta desde o mes de xuño ata setembro, variando as datas de apertura e peche dependendo do ano.

O horario de baños libres é de luns a venres de 15:00 a 21:00 e sábados, domingos e festivos de 14:00 a 21:00

As entradas individuais para baños libres teñen un custo de 1,90€ para menores de 14 anos e 3,78€ para o resto do público. Poden collerse cada día na cantina da piscina.

Máis información: sansadurnino.gal

O municipio de San Sadurniño conta con espazos naturais de gran beleza que poden ser percorridos a través de diferentes rutas de sendeirismo. Os mapas e os detalles de cada itinerario poden consultarse no apartado de turismo da web municipal.

Unha delas é a ruta do río Aceiteiro. Comeza na Casa do Concello e discorre á marxe deste afluente do Xuvia durante tres quilómetros nos que se atopan muíños, bancos e travesas de madeira, pasarelas e unha ponte de pedra. De baixa dificultade, este camiño é idóneo para unha xornada en familia ou unha saída escolar.

Máis longa é a ruta do río Castro, que chega ata Igrexafeita. Está dividida en dous tramos: un de seis quilómetros, e outro de tres, que fan un percorrido de tres horas e media en total. Neste itinerario pásase por diferentes puntos de importante valor patrimonial, como a fonte de San Roque, a igrexa de Santa María de Naraío, que segundo diferentes investigacións data do século XI, ou a ponte da Ferraría, que pertenceu á familia Andrade.

Sen embargo, o lugar máis emblemático desta ruta é o castelo de Naraío, un dos mellores exemplos de arquitectura medieval que se

conservan en toda a comarca. Datado no século XIV, está erixido no alto dun penedo de 30 metros, no que tamén se conservan restos das murallas que fixeron deste espazo unha gran fortaleza en tempos pasados.

Para completar a xornada, nada mellor que refrescarse cun baño na área recreativa de Os Currás. As instalacións contan, ademais da piscina, cunha cancha na que se poden practicar diferentes deportes, mesas e lareiras para xantar e un campo de fútbol. Ademais, un mural do artista local Carlos García dálle cor ao espazo.



Ferrol 21 Km
A Coruña 61 Km
Viveiro 74 Km
Santiago 103 Km



Casa do Concello de San Sadurniño
Casal, 16
sansadurnino.gal



Alimentos Dixital é a plataforma educativa de Gadis

que ofrece ao profesorado e alumnado unha experiencia que afonda en aspectos relacionados coa sustentabilidade, os hábitos saudables e o consumo responsable. A través de vídeos, explicacións e fichas interactivas, permite coñecer o percorrido que fan os alimentos desde o mar ou o campo ata chegar as nosas casas. Este programa complétase con visitas guiadas aos nosos supermercados, onde o persoal educativo reforza os contidos a través da interacción real cunha experiencia de compra responsable e saudable.

A lonxa, a agricultura, a gandaría, os almacéns, a chegada a tenda, a froitería, a peixaría, os lineais, a caixa, a chegada a casa e a xestión dos refugallos, son as unidades didácticas que compoñen Alimentos Dixital, todas elas adaptadas ao currículo oficial de

Galicia e Castela e León, para educación infantil e primaria.

A participación en Alimentos Dixital é moi doada. Soamente terás que rexistrar a túa clase na plataforma e ir realizando co teu alumnado as diferentes unidades didácticas. Cada unha delas conta con vídeos e fichas interactivas, adaptadas ao nivel de cada curso. Ademais contas con material adicional para completar os contidos, que poden ser traballados na aula ou na casa.

Completar as unidades de Alimentos Dixital ten premio, xa que o alumnado recibe o **Prato Alimentos**. Unha ferramenta educativa baseada no prato de Harvard que serve para aprender a distribuír as proporcións de alimentos saudables en cada comida.

No curso pasado máis de **23.000 nenos e nenas** de Galicia e Castela e León realizaron o programa Alimentos Dixital e **máis de 13.100** visitaron os supermercados Gadis. Se queres **participar co teu alumnado durante o curso 2023-2024** tan só é necesario ir ao seguinte enderezo web e apuntar ao teu centro. Unha vez se inicie o programa contactaremos contigo.



moeche

o castelo

Cabo Ortegal
XEOPARQUE

unesca



Idades: Primaria, ESO e Bacharelato

Materias: Xeografía e Historia, Ciencias Sociais, Ciencias Naturais (Galicia nun ferrado, plantación ao pé do castelo que recolle 37 especies arbóreas silvestres e un panel explicativo)

Horarios: Mudan en función da época do ano. Pódense consultar na web www.moeche.gal.

Prezo: 1,50€ para grupos de escolares (para o centro escolar de Moeche é gratuito), familias numerosas, rapazada entre 6 e 16 anos e maiores de 65 anos. A entrada xeral custa 2,50€

O castelo de Moeche, situado na parroquia de San Xurxo, posúe un gran valor histórico e patrimonial que o converte no principal atractivo da localidade. Esta fortificación medieval, declarada Ben de Interese Cultural, foi mandada construír no século XIV posiblemente por García Rodríguez de Valcárcel, para controlar as súas terras. Situada no medio dun val, esta fortaleza atópase nun bo estado de conservación grazas á protección das montañas que o rodean e ás diferentes restauracións que se fixeron.

De planta octogonal irregular, esta fortaleza destaca tamén polo seu foso, escavado na rocha; a torre da homenaxe, que é unha das partes mellor conservadas; ou o patio de armas. Foi o escenario das emblemáticas Revoltas Irmandiñas, as

primeiras guerras entre o campesiñado e os señores feudais que se produciron en Europa no século XV.

En 1467 estoupa en Ourense unha revolta social que pretendía rematar cos abusos exercidos por unha nobreza acostumada aos privilexios, independentemente da familia que os posuíse. Aproveitando o éxito das revoltas locais previas, a Gran Revolta Irmandiña conseguiu destruír uns 150 castelos de todo o Reino de Galicia.

O castelo de Moeche, propiedade naquel momento do maior nobre galego, o Conde de Lemos, viu como os seus muros foron derrubados pola furia irmandiña e como logo foron reconstruídos polas mesmas mans que os abateron unha vez a nobreza consegue impoñerse no 1469.

Cada mes de agosto desde 1980 celébrase en Moeche o Festival Irmandiño, no que se conmemoran estes acontecementos históricos. Este evento atrae moita xente, pois hai concertos e actividades variadas, ademais da representación do asalto ao castelo protagonizada pola veciñanza de Moeche.

Para visitar o interior da construción é posible reservar previamente unha visita guiada. Ademais, no castelo atópase o Centro de Interpretación das Revoltas Irmandiñas, no que podemos ver unha exposición permanente sobre a historia do castelo, as Revoltas Irmandiñas e o que supuxeron para o cambio de paradigma da Idade Media á Moderna en Galicia.



Ferrol 28 Km
A Coruña 68 Km
Viveiro 70 Km
Santiago 111 Km



Concello de Moeche. San Ramón s/n
Tel. 981 404 006
www.moeche.gal



Cabo Ortegal
XEOPARQUE



moeche

ocio e actividades lúdicas



Idades: Desde Infantil ata Bacharelato

Materias: Ciencias Naturais, Bioloxía, Educación Física, Xeografía e Historia

Prezo da piscina: Menores de 3 anos gratis; menores de 12 anos, 1,50 €; e maiores de 13 anos, 2,80 €

Horario da piscina: En xuño, de luns a venres de 16:00 a 21:00 e sábados, domingos e festivos de 14:00 a 21:00. En xullo e agosto, de luns a venres de 15:00 a 21:00 (de 12:00 a 13:00 para cursos de natación) e sábados, domingos e festivos de 14:00 a 21:00. En setembro, de luns a venres de 16:00 a 20:00 e sábados, domingos e festivos de 14:00 a 20:00

Horario do circuío: Conectar previamente co Concello no teléfono 981 404 006 (luns a venres de 8:30 a 14:00)



O patrimonio natural de Moeche é un dos seus puntos fortes, pois conta con numerosos espazos verdes equipados con servizos que os fan ideais para pasar un día de excursión.

A Área Recreativa de Souto Grande está situada no chamado Fondo de Moeche, á marxe do río Xuvia. O gran atractivo deste espazo é a súa piscina ao aire libre, perfecta para refrescarse no verán. Ademais posúe mesas, grellas, un parque e unha cafetería, que o convierten no lugar ideal para unha xornada en familia ou coa escola.

A Feira de Moeche é outra das actividades de maior interese do

municipio, pois é una das máis antigas de Galicia que continúan celebrándose na actualidade. Ten lugar os días 11 e 23 de cada mes, e atrae a unha morea de persoas que van en busca de materias primas locais e de calidade, como pan, froitas, verduras, empanada, mel ou carne e produtos artesanais e tamén gando.

Esta feira reivindica o valioso papel das feiras no mundo rural, polo que é unha actividade perfecta para facer cos pequenos e pequenas, ensinándolles a importancia de valorar os produtos de proximidade e o comercio local.

Recentemente, o Concello recuperou a actividade do seu circuío de seguridade viaria, situado no recinto feiral de San Ramón. O espazo foi proposto e deseñado pola rapazada de Moeche, para aprender sobre seguridade na condución dunha forma máis realista.

O Circuío Modestino, nome posto polos seus promotores, conta con cascos, bicicletas, karts a pedais, chalecos e outros materiais para que os pequenos poidan aprender as normas de circulación como peóns e como condutores, concienciándose dos perigos da estrada e aprendendo a actuar de xeito responsable.



Ferrol 28 Km
A Coruña 68 Km
Viveiro 70 Km
Santiago 111 Km

Concello de Moeche. San Ramón s/n
Tel. 981 404 006
www.moeche.gal





Idades: Primaria, ESO

Materias: Ciencias Sociais, Xeografía e Historia, Ciencias Naturais, Educación Física

Prezo: Gratuíto

Máis información: Cedeira é un municipio de interese turístico, polo que a súa Oficina de Turismo abre todo o ano e ofrece asesoramento para preparar calquera visita. Recoméndase consultar a web turismo.cedeira.gal ou ben chamar ao 981 482 187



É tal o vínculo de Cedeira co mar, que ata o seu nome, que procede do latín *cetarea*, fai alusión ás especies mariñas. "A Peixeira", como popularmente é coñecida a escultura de Guillermo Feal que desde os anos 80 se levanta sobre a roca chamada "o Pericoto" na estrada que vai ao porto, é toda unha icona da localidade e confirma a fonda tradición pesqueira e mariñeira, actividade económica que marcou tamén o estilo das vivendas e do urbanismo cedeirés.

Aínda que é unha vila de pequeno tamaño, ten moitas zonas verdes e

espazos nos que a rapazada pode xogar e divertirse. O concello apostou nos últimos anos por potenciar o deporte e as actividades ao aire libre, e instalou diferentes infraestruturas como unha tirolesa de 28 metros de longo, un "skate bowl" –unha bañeira con superficie irregular e formas redondeadas para patinar– ou un parque de calistenia, no que mozos e mozas poden practicar esta disciplina dirixida a mellorar a musculatura. Todos estes elementos están no parque do Camiño Real, onde tamén hai moito espazo libre, con herba ou pavimentado, para desenvolver todo tipo de xogos e actividades así como

dous parques infantís con randeiras, tobogáns e outros elementos adaptados para diferentes idades, desde as máis temperás.

A oferta de actividades gratuítas para facer en exterior en Cedeira é enorme, e ademais conta con dúas praias urbanas de fácil acceso: A Madalena, situada ao longo do Camiño Real, e Area Longa na zona do porto, ambas con area branca e fina e augas calmadas, que as convierten no espazo ideal para mergullarse ou practicar algún deporte acuático. Estes areais dispoñen de duchas e servizos de restauración próximos.



Ferrol 34 Km
A Coruña 80 Km
Viveiro 61 Km
Santiago 123 Km



Oficina de Turismo: Palacete Municipal
Avenida de Castelao s/n
Tel. 981 482 187
turismo.cedeira.gal
mar.lopez@cedeira.es



Idades: Infantil, Primaria, ESO, Bacharelato
Materias: Ciencias Sociais, Xeografía e Historia, Ciencias Naturais
Horario de verán (desde o 1 de xuño ao 30 de setembro): de mércores a domingo de 11:00 a 14:00 e de 16:00 a 19:00.
Horario de inverno (do 1 de outubro ao 31 de maio): de martes a domingo de 10:30 a 13:00
Prezo da entrada ao museo: entrada gratuíta para menores de 7 anos, 1 euro para nenos/as entre 7 e 10 anos e 2 euros para maiores de 10 anos.
Máis información sobre o museo:
maresdecedeira.gal
Visitas á lonxa: Teléfono de contacto da Confraría 981 480 389

A tradición pesqueira é o motor desta vila, coñecida dentro e fóra de Galicia pola calidade do seu peixe e do seu marisco. En 2009, a ría cedeira foi declarada Reserva Mariña de Interese Pesqueiro, unha distinción que promoveu a protección e a explotación sostible do fondo mariño. O Concello leva anos traballando na posta en valor do patrimonio mariño, sobre o que é posible consultar diferentes recursos na súa web.

Para que os pequenos poidan descubrir en profundidade a vida mariñoira, é indispensable concertar unha visita coa confraría para visitar a Lonxa de Cedeira. Aquí os escolares poderán coñecer de cerca como é o

funcionamento das instalacións, o procedemento de compra-venta de peixes e mariscos, os métodos de etiquetado e as técnicas de pesca que se empregan na zona.

Para completar esta xornada e seguir aprendendo sobre a vida do mar, é de grande interese achegarse ata o Museo Mares de Cedeira, que abriu no ano 2016 e desde entón non para de aumentar grazas as diferentes doazóns da veciñanza.

Neste centro podemos atopar embarcacións, útiles de navegación, aparellos de pesca, fotografías... Unha das coleccións destacables do museo é a de malacología, cedida por Manuel Suárez, que conta con máis de 5.000

cunhas de bivalvos e gasterópodos.

É posible concertar visitas guiadas para centros escolares, así como tamén se pode solicitar a organización de diferentes actividades lúdicas. Para o alumnado de maior idade, hai obradoiros nos que aprender a facer nós mariñoiros ou lectura de cartas náuticas. E para todas as idades, un xogo de pistas agochadas polas instalacións coas que teñen que chegar ata unha mensaxe oculta.

Este museo está integrado na Rede de Espazos Museísticos Atlánticos (REMA), á que tamén pertencen outros espazos de difusión do patrimonio marítimo e pesqueiro de Galicia, Asturias e Portugal.



Ferrol 34 Km
 A Coruña 80 Km
 Viveiro 61 Km
 Santiago 123 Km

Casa do Pescador:
 Camiño de Arealonga, 1
 Tel. 620 972 981
www.maresdecedeira.gal
maresdecedeira@gmail.com





Idades: Infantil, Primaria, ESO e Bacharelato

Materias: Ciencias Naturais, Bioloxía e Xeoloxía, Xeografía e Historia

Recomendacións: Bo espazo para almorzar na natureza na Capelada. Hai mesas e bancos

Vía ferrata Senda do Santo:

<http://turismo.cedeira.gal/sendado-santo/?lang=es>

Historia de Santo André de Teixido:

turismo.cedeira.gal/conece-cedeira/san-andres-de-teixido

Máis información: na web caminoasanandres.com/asociacion hai información sobre as diferentes rutas que levan a Santo André



En maio pasado chegou a esperadísima confirmación de que o Xeoparque Cabo Ortegal entra na rede da Unesco, un recoñecemento que confirma a todo este territorio, e en particular á Serra da Capelada como un conxunto montañoso singular e único no mundo, con paisaxes espectaculares e particularidades xeolóxicas que é apaixonante descubrir.

A Capelada destaca por posuír os cantís máis altos da Europa Continental, con increíbles vistas da costa do noroeste atlántico. Na garita da Herbeira, unha construción de pedra do século XVIII que servía para a vixilancia costeira é onde se sitúa o punto de maior altitude: a 620 metros sobre o nivel do mar. Desde este miradoiro se poden divisar as illas Sisargas e a Punta de Estaca de Bares. Son moi recomendables as "xeorrutas" –consultar a páxina específica do Xeoparque–, diferentes percorridos guiados que configuran interesantes leccións de xeografía sobre o terreo.

Unha das novas actividades que se poden facer na Capelada é o percorrido pola vía ferrata "Senda do Santo", de momento a única de Galicia. Trátase dun percorrido para practicar a escalada por paredes verticais e horizontais, preparadas cos oportunos banzos, cravos, pasamáns, cadeas, pontes ou tirolesas para superar as dificultades sen necesidade de ter experiencia na disciplina. Porén, é unha actividade de risco e o Concello ten publicado un regulamento de uso que é preciso consultar. En xeral, os grupos de menores –poden participar a partir dos 12 anos, sempre nas condicións establecidas– deben organizar o percorrido a través dalgunha das empresas de turismo activo autorizadas.

Desde a vía ferrata as vistas ao mar e os cantís son impresionantes, pero tamén se pode ver no medio deste fermoso paraxe o pobo de Santo André de Teixido, ao que, segundo di

a tradición, "vai de morto quen non foi de vivo". Envolta en lendas e mitos, esta vila é un espazo de culto relixioso desde tempos prerrománicos, que nos últimos anos está despertando cada vez máis interese turístico. O seu santuario é o segundo maior centro de peregrinación de Galicia despois de Santiago de Compostela.

Na contorna é habitual toparse con cabalos e vacas en liberdade. Unha vez ao ano, en xuño, celébrase a rapa das bestas, unha tradición ancestral na que os cabalos son guiados ao recinto do curro para cortarles as crinas.

Ademais, pola Capelada e Santo André de Teixido vai o chamado Camiño do Mar, unha variante do Camiño do Norte que está en proceso de ser recoñecido como Ruta Xacobeá a Santiago e que ten a particularidade de ser o único itinerario que pasa polos dous puntos de peregrinación de Galicia.



Ferrol 46 Km
A Coruña 92 Km
Viveiro 66 Km
Santiago 135 Km

Oficina de Turismo: Palacete Municipal
Avenida de Castelao s/n
Tel. 981 482 187
turismo.cedeira.gal
mar.lopez@cedeira.es





Idades: Desde Primaria a Bacharelato

Materias: Ciencias Sociais, Xeografía e Historia, Ciencias Naturais, Bioloxía

Prezo: Gratuito

Horarios: Consultar coa Oficina de Turismo a dispoñibilidade de horarios e visitas guiadas ao Castelo da Concepción.

Contacto: 981 482 187

Máis información: castrosarridal.es

No leste da vila de Cedeira, asomándose por riba do peirao, atópase a península do Sarridal, unha zona sorprendente pola súa beleza e pola concentración de elementos patrimoniais que nela se sitúan.

Un dos máis importantes é o xacemento arqueolóxico do Sarridal. É un castro que segundo os achados que se atoparon ata o momento, estivo habitado desde o século V a.C. ata o IV d.C., da época castrexa ata a entrada dos visigodos e a cristianización. O complexo presenta un sistema defensivo con dous fosos e unha muralla. Entre os seus elementos, destaca o monumento con forno, que funcionaba como sauna de vapor. A técnica do carbono 14 datouna no 230 a.C. e é a quinta deste tipo achada en Galicia. O Concello non deixa de facer novas campañas de escavación ano a ano,

polo que van sumándose novos achados que confirman a importancia do enclave.

Moi preto do castro está situado o Castelo da Concepción, unha fortaleza militar construída en 1747 polos propios veciños con fondos da Coroa, a raíz dun ataque da frota inglesa á ría de Cedeira e testemuña das cruentas batallas que a Armada Española mantiña coas armadas inglesa e francesa. No interior hai un centro de interpretación do Castro Sarridal, no que se expoñen obxectos achados durante as escavacións, así como unha mostra sobre a historia de Cedeira nos séculos XVIII e XIX. Entre as pezas procedentes do xacemento castrexo destaca unha moeda romana co rostro de Vibia Sabina, muller do emperador Adriano, datada do I a.C.

Nesta costa tamén se atopan unhas antigas cetarias, que foron

rehabilitadas hai pouco e que configuran unha paisaxe singular, nas que os barcos pesqueiros de Cedeira gardaban hai máis de medio século o peixe e o marisco vivo para logo enviálo a diferentes puntos do país. A poucos metros de aquí están as escadas de madeira polas que se baixa á paradisíaca cala de Sonreiras, con augas cristalinas e rodeada de natureza. As empinadas escaleiras que baixan á praia prolónganse tamén para chegar ás cetarias, que igualmente poden ser admiradas desde un miradoiro no alto do cantil.

O acceso á península do Sarridal pode facerse andando desde o porto e subindo pola escaleira que hai na marxe do Castelo –á a opción máis recomendable, deixando o autobús no peirao-, aínda que tamén hai acceso por unha estreita estrada para chegar a un aparcadoiro habilitado moi preto do Castelo.



Ferrol 38 Km
A Coruña 83 Km
Viveiro 64 Km
Santiago 127 Km

Oficina de Turismo: Palacete Municipal
Avenida de Castelao s/n

Tel. 981 482 187

turismo.cedeira.gal

mar.lopez@cedeira.es





Idades: De Infantil a Bacharelato

Materias: Ciencias Naturais, Bioloxía e Xeoloxía, Ciencias Sociais, Xeografía e Historia, Educación Física

Recomendacións: A zona do cabo é de fortes ventos polo que é necesario levar roupa de abrigo todo o ano.

Máis información: Folletos con rutas e máis información sobre a zona en www.concellodecarino.gal/que-facer-ver

Cariño é unha vila mariñeira situada na entrada da ría de Ortigueira. O seu casco histórico está composto por estreitas casas de cores, con balconadas e galerías típicas da arquitectura mariñeira. Outro dos atractivos da localidade son as súas praias, como a da Concha e Basteira, situadas na zona urbana, con area branca e augas cristalinas.

Desde o barrio mariñeiro se pode acceder mediante unhas escaleiras á pequena cala de Peiral do Campo, formada por pedras e area branca. Máis lonxe se atopa un dos areais máis bonitos do municipio, o de Fornos, unha praia semiurbana ideal para a práctica de surf ou deportes náuticos.

A contorna natural do municipio posúe un valor inestimable. Resulta recomendable realizar a Ruta dos Miradoiros, un itinerario de 25 km que percorre toda a serra da Capelada e remata en Cedeira.

A só catro quilómetros de Cariño temos o Cabo Ortegal e o seu característico faro, levantados sobre

unha península montañosa con cantís que alcanzan os 300 metros de altitude, onde conflúen as augas do Atlántico e do Cantábrico.

Desde este enclave é posible contemplar Os Aguillóns, unhas curiosas pedras con forma punzante que emerxen desde o mar cara a superficie. Algúns estudos indican que estas rochas poderían ser as cuartas máis antigas do planeta. No medio de ambos extremos da península atópase a Enseada da Cova, un grande arco no que emerxen formacións rochosas como a "Longa da Moreira", de gran altura e rematada en pico. O lugar é accesible en coche e ten espazos habilitados para estacionar.

O miradoiro do Limo, o da Miranda, o da Vixía de Herbeira... son outros puntos da ruta.

Este litoral conta case na súa totalidade con algún tipo de protección ambiental debido ao seu valor paisaxístico e xeolóxico. Neste punto hai unha concentración única de rochas de orixe metamórfico

entre as que se contan anfíbolitas, granulitas e gneises. Aquí tamén se pode ver o maior e mellor afloramento de ecloxitas do mundo.

Ademais, este é un espazo de gran valor ornitológico, pois pódense observar numerosas especies de aves. Paxaros de todo o mundo elixen Cariño para facer unha parada durante a súa viaxe migratoria. É unha oportunidade única para propoñerlles aos escolares unha xornada de inmersión na natureza e ver de cerca estes animais.

Desde o punto de vista económico, a vila estivo intimamente ligada ás fábricas conserveiras desde o século XX, que constitúen boa parte da paisaxe arquitectónica do municipio. Actualmente segue en activo "La Pureza", fundada no 1924 e que se dedica á elaboración artesanal de conservas de peixe e marisco e vexetais. Conta tamén coa súa propia marca de marmeladas. A empresa permite as visitas escolares consultando previamente a dispoñibilidade do persoal.



Ferrol 55 Km
A Coruña 94 Km
Viveiro 54 Km
Santiago 137 Km



Casa do Concello
Avenida da Paz, 2
Tel. 981 405 064

www.concellodecarino.gal

Teléfonos de interese:

Concello de Ferrol:	981 944 000	Concello de Neda:	981 380 039
Oficina de turismo de Ferrol:	981 944 251 (Pza. de España)	Oficina de turismo de Neda:	981 390 249
	981 944 252 (Vía Compostellam)	Centro de saúde de Neda:	981 380 297
Centro de saúde Fontenla Maristany (Ferrol):	981 336 633	Concello de Fene:	981 492 707
Museo Naval:	981 336 027	Oficina de turismo de Fene:	981 344 0 82
Fundación Exponav (Museo da Construción Naval):	981 359 682	Centro de saúde de Fene:	981 341 429
Proxecto Esmelle:	629 368 114	Concello de As Pontes:	981 453 116
Autoridade Portuaria:	981 338 000	Oficina de turismo de As Pontes:	673 240 434
Concello de Narón:	981 337 700	Centro de saúde de As Pontes:	981 334 699
Oficina de turismo de Narón:	981 337 700 (Ext. 2301)	Concello de Moeche:	981 404 006
Centro de saúde de Narón:	981 383 791	Centro de saúde de Moeche:	981 404 400
		Concello de Cedeira:	981 480 000
		Oficina de turismo de Cedeira:	981 482 187
		Centro de saúde de Cedeira:	981 480 015
		Concello de Cariño:	981 405 064
		Oficina de turismo de Cariño:	981 405 064
		Centro de saúde de Cariño:	981 420 410
		Deputación da Coruña:	981 080 300



Agradecemos a colaboración de:



Puerto de Ferrol

Autoridade Portuaria de Ferrol-San Cibrao



As Pontes de García Rodríguez



Concello de Cedeira



